



O MISERABLE MUNDO NAS FAVELAS

Nos anos sesenta, Brasil, en plena ditadura militar, atopábase case en bancarrota, e debido ao capital dalgún home procedentes do norte, hoxe Brasil está case totalmente industrializada. É case imposible levar a conta das fábricas que se instalaron alí da noite para a mañá. Debido a isto, non é de estrañar que o Produto Interior Bruto per cápita fose de 7625 dólares no 2000, que con 170 millóns de habitantes non se pode dicir que sexa un país pobre. Pero sen embargo existe moita desigualdade social, xa que metade das familias brasileiras sobrevive con menos de 100 dólares ao mes.

Esta concentración de familias pobres vive en favelas, situadas ás aforas de grandes cidades como Río de Janeiro, São Paulo ou La Paz. Reciben nomes como Ciudad de Dios, Paraísopolis ou Heliópolis.

Estas persoas viven en casas de madeira totalmente miserables. Conviven entre eles sen educación, nun mundo dominado pola delincuencia, a prostitución e as drogas, gañando a vida como poden, traballando de lavadeiras, vendas ambulantes e sobre todo nas fábricas dos empresarios capitalistas, cobrando míseros salarios, cos que dificilmente se pode vivir. Aínda que o das fábricas está diminuindo, xa que agora os traballos máis abundantes son limpando sumidoiros ou vendendo mercancías polas rúas. Así e todo, eles traballan honradamente escapando da delin-



cuencia e sen protestar, porque saben que a policía, a pouca que hai, pode poñer calquera escusa para detelos.

O peor de todo é que esta situación vai a peor, xa que pese ás subvencións que se realizan, case a súa totalidade vai parar aos petos do goberno, para outros asuntos.

Nunha comunidade como esta poden chegar a

concentrarse 24 mil persoas, en a penas 4 quilómetros cadrados con rúas estreitas e inclinadas, en casas de 5 metros cadrados, nas que viven 3'5 persoas de media, rodeados de traficantes e sen a penas seguridade. Por iso non é de estrañar que estas persoas se avergoñen de si mesmas, e que desconfíen de todo o descoñecido.

SIMÓN QUINTELA, B1C.

